



PLAN DE ENSINO VIRTUAL ANTE A COVID- 19 DO CEIP A CASTELLANA -ARANGA

ORGANIZACIÓN PREVIA EN CENTROS

O CEIP A Castellana elabora as seguintes medidas, necesarias para garantir a continuidade do proceso educativo:

- **Elaborase un horario para o ensino a distancia, denominado “horario espello”, que se detalla a continuación.**

Os devanditos horarios serán aplicados como en xornada continua, no mes de setembro e xuño (de 10:00 h a 15:00h). Respetando a carga lectiva de cara área.

Quedando secuencializados por sesión, tal e como se reflexan nos cadros espellos adxuntos a este plan.

E nos restantes meses do curso escolar, aplicarase o mesmo horario lectivo que se está a seguir no centro (de 10:30 a 17:00). Respetando a carga lectiva de cada área.

Quedando secuencializados por sesión, tal e como se reflexan nos cadros espellos adxuntos a este plan.

Esta repartirase de xeito que, como mínimo, o 60% do tempo se destinará á docencia virtual e o outro 40% a tarefas a realizar por parte do alumnado.

Na distribución horaria establececese unha sesión de tutoría para o alumnado e outra para as familias.

Ditos horarios deberán incorporarse ao Plan de Continxencia, comunicados ao profesorado e alumnado para o seu cumprimento, tamén se informará ás familias a través do titor do grupo de alumnos e publicados na páxina web do centro ou outro medio que garanta a súa difusión.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E
UNIVERSIDADE

CEIP. A CASTELLANA
Código: 15021779
A Castellana-Vilarraso(Aranga)
15317 A Coruña
ceip.castellana@edu.xunta.es - Tlf.: 881 880209

HORARIO ESPELLO DE 3º-4º DE EP (AGRUPADOS). 1 GRUPO EN TOTAL.

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
<i>1ª sesión</i>	Matemáticas	Matemáticas	Matemáticas	Lengua castellana	Matemáticas
<i>2ª sesión</i>	Lengua Castellana	Inglés	Inglés	Relixión	Inglés
<i>3ª sesión</i>	Ciencias sociais	Ciencias sociais 3º e libre configuración 4º (Afondamento e reforzo)	Ciencias Naturales	Lingua Galega	Educación Artística
	TUTORÍA ALUMNOS/AS	DESCANSO	DESCANSO	DESCANSO	DESCANSO
<i>4ª sesión</i>	Educación Física	Ciencias Sociais	Lengua Castellana	Ciencias Naturales	Música
<i>5ª sesión</i>	Lingua Galega	Lengua castellana	Lingua Galega	Educación Física	Lingua Galega
	TUTORÍA FAMILIAS	DESCANSO	DESCANSO	DESCANSO	DESCANSO

Nota: a tutoría dos alumnos/as en xornada continua sería de 15:00 a 16:00 h e a tutoría das familias sería de 16:00 a 17:00 h.

Na xornada partida, sería de 14:00 a 15:00 h e de 17:00 a 18:00 h respectivamente.

Dito horario espello é exactamente igual que o horario presencial do centro. Ademáis, por acordo unánime do profesorado o 60% de cada sesión adicarase á impartición por videoconferencia ou conexión co alumnado e profesorado. O 40% restante a tarefas a realizar por parte do alumnado.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E
UNIVERSIDADE

CEIP. A CASTELLANA
Código: 15021779
A Castellana-Vilarraso(Aranga)
15317 A Coruña
ceip.castellana@edu.xunta.es - Tlf.: 881 880209

HORARIO ESPELLO DE 5º-6º DE EP (AGRUPADOS). 1 GRUPO EN TOTAL.

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª sesión	Inglés	Inglés	Lengua Castellana	Relixión	Inglés
2ª sesión	Matemáticas	Educación Física	Matemáticas	Educación Física	Matemáticas
3ª sesión	Lengua castellana	Lingua Galega	Lingua Galega	CC Naturais	Lengua castellana
	TUTORÍA ALUMNOS/AS	DESCANSO	DESCANSO	DESCANSO	DESCANSO
4ª sesión	Lengua castellana 5º e Ciencias sociais 6º	Música	Ciencias Sociais	Matemáticas	Lingua Galega
5ª sesión	Ciencias Sociais	CC Naturais	Plástica	Matemáticas	Lingua Galega 5º Libre configuración (Afondamento e reforzo)
	TUTORÍA FAMILIAS	DESCANSO	DESCANSO	DESCANSO	DESCANSO

Nota: a tutoría dos alumnos/as en xornada continua sería de 15:00 a 16:00 e a tutoría das familias sería de 16:00 a 17:00 h.

Na xornada partida, sería de 14:00 a 15:00 h e de 17:00 a 18:00 h respectivamente.

Dito horario espello é exactamente igual que o horario presencial do centro. Ademais, por acordo unánime do profesorado o 60% de cada sesión adicarase á impartición por videoconferencia ou conexión co alumnado e profesorado.

O 40% restante a tarefas a realizar por parte do alumnado.



- Realízanse simulacións de forma semanal que permitan ter establecidos os protocolos de actuación no caso de peche.
- Do mesmo xeito, no CEIP A Castellana analizáronse as necesidades de dispositivos electrónicos derivadas dunha hipotética situación de peche en coordinación coa Inspección Educativa (dita información, xa foi remitida á Inspección Educativa, no seu momento).

Do mesmo xeito, adxuntamos a continuación os alumnos/as con necesidades de recursos tecnolóxicos.

Número de alumnos e alumnas que non dispón de equipo con teclado axeitado para seguir o ensino non presencial												
4º EI	5º EI	6º EI	1º EP	2º EP	3º EP	4º EP	5º EP	6º EP	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
0	1	1	3	2	2	2	1	0				

Número de alumnos e alumnas que non dispón de conexión a Internet no seu domicilio												
4º EI	5º EI	6º EI	1º EP	2º EP	3º EP	4º EP	5º EP	6º EP	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
0	0	0	2	2	1	3	1	0				

- Ademáis, algún mestre deste centro, matriculouse neste curso en formación online para ampliar coñecementos en materia tecnolóxica.

O Plan de Continxencia do CEIP A Castellana ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN GROMO

Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un espazo separado de uso individual, colocaráselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado.

Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 incluírá na aplicación informática

a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de

A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.

Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.

A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos:

A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.

A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de

determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

A actividade lectiva non presencial será impartida polo profesorado ordinario do alumnado a través das ferramentas disponibles:

- **Plataforma de videoconferencia institucional** (Cisco Webex) que permite compartir contidos e a interacción co alumnado mediante soporte audiovisual.
- **Aula virtual:** espazos dixitais de traballo que permiten dispoñer dun espazo web online para organizar os contidos das unidades didácticas. Cabe destacar, que este espazo, está a funcionar de xeito adecuado e os alumnos/as realizan tarefas mediante este espazo de forma semanal. Co fin de mellorar a aprendizaxe e dominio do medio.
- **Abalar.** Empregarase abalar como aplicación de comunicación directa e instantánea coas familias a maiores das titorías que se levarán a cabo a través de videoconferencias.
- **Páxina web do centro:** A páxina web oficial do centro educativo, seguirase a empregar como ferramenta de comunicación para calquer outra noticia ou notificación de interese. Reforzando a comunicación das notificacións de ABALAR MÓBIL..
- Para o alumnado de Educación Primaria, manterase tamén un acceso á aula virtual da editorial, que permite o acceso dixital a todos os libros para cada un dos grupos/clase.



- O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

CONTROL DA AVALIACIÓN E ASISTENCIA

Control de asistencia

Establecerase diariamente polo profesor mediante as ferramentas habituais

Control da avaliación

A dirección do centro, requirirá ao final de cada semana, unha relación daquelas actividades que realizou o profesorado co alumnado no horario establecido.

O orientador do centro velará polo cumprimento do Plan Xeral de Atención á Diversidade e coordinará a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais. A continuación, mostramos no seguinte cuadro a alumna con maiores necesidades.

Número de alumnado en cada caso						
Discapacida de física	Disc. auditiva	Disc. visual	Trastornos do espectro do autismo	Trastorn de conduta	Discapacid ade cognitiva	Trastorno grave da comunicac ión
1 *PC (Parálisis Cerebral)	0	0	0	0	0	0



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E
UNIVERSIDADE

CEIP. A CASTELLANA

Código: 15021779

A Castellana-Vilarraso(Aranga)

15317 A Coruña

ceip.castellana@edu.xunta.es - Tlf.: 881 880209

Na distribución horaria establecerase unha sesión de tutoría para o alumnado e outra para as familias (concretado no apartado de horarios espello).

MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase unha **reunión de todo o profesorado** implicado no grupo/clase afectado e **planificarase un plan de acción**. Dito plan establecerase en 3 fases de actuación prioritarias, detalladas a continuación:

- **FASE 1. DETECCIÓN:** Inicialmente, durante os primeiros días lectivos o mestre/a deberá analizar as deficiencias ou posibles necesidades de reforzo existentes no grupo/clase en cada unha das materias.

Ditas tarefas conlevarán unha coordinación continua entre todos os mestres que impartan clase nese grupo de convivencia.

- **FASE 2. REFORZO E REPASO:** Posteriormente, estableceranse medidas de reforzo e repaso de todo o tratado no periodo telemático.
- **FASE 3. AVANCE E CONTINUIDADE:** Unha vez todas as anteriores se atopen asentadas, continuarase cos contidos programados de xeito presencial.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E
UNIVERSIDADE

CEIP. A CASTELLANA
Código: 15021779
A Castellana-Vilarraso(Aranga)
15317 A Coruña
ceip.castellana@edu.xunta.es - Tlf.: 881 880209

FORMACIÓN E INFORMACIÓN

Para o desenvolvemento efectivo do proceso de ensino-aprendizaxe a distancia cómpre que o profesorado e alumnado conte coas competencias necesarias para o uso dos medios telemáticos que se vaian empregar, e poñer a disposición dos pais/nais ou representantes legais toda a información para que poidan apoiar ao alumnado no proceso.

Para iso:

- A dirección do centro promoverá as actividades de información e formación necesarias para que o alumnado poida utilizar con efectividade os medios telemáticos de comunicación co alumnado e as súas familias e a aula virtual
- Empregaranse os recursos formativos que posúe o centro ou solicitarase o apoio do asesor Abalar ou asesores do Centro de Formación e Recursos.
- O profesorado de cada área, materia ou módulo experimentará no centro cos alumnos o uso dos medios de comunicación telemática no caso de ter que desenvolver o ensino a distancia.